



Interésache escribir Software Libre?

Interésache gañar diñeiro?

Interésanche ambos?

Tan só no ano 2007, Google Summer of Code[tm] xuntou 900 estudantes e preto de 1500 mentores en 90 países para contribuír en máis de 130 proxectos distintos de software libre. ¡Estamos buscando mentores e estudantes para facer do 2008 o mellor Summer of Code que se viu! Ofreceremos aos estudantes con xeitosas contribucións a suma de 4500 dólares estadounidenses, o que lles permitirá concentrarse durante tres meses nos seus proxectos de desenvolvemento de software.

O programa Google Summer of Code está deseñado para estimular a participación de estudantes no desenvolvemento de Software Libre. Comezado no ano 2005, o programa ten varios obxectivos:

- Inspirar a mozos desenvolvedores para comezar a participar no desenvolvemento de Software Libre
- Dar a oportunidade a estudantes de informática e áreas relacionadas de ter un traballo de verán de acordo cos seus obxectivos académicos
- Dar aos estudantes unha experiencia de desenvolvemento de software no mundo real (ex.: desenvolvemento distribuído, licenzamento de software, etiqueta en listas de correo, etc.)
- Crear e distribuír máis Software Libre, para o beneficio de todos
- Axudar aos proxectos de Software Libre a identificar e obter novos desenvolvedores

Google aceptará solicitudes de participación de proxectos de Software Libre no período do 3 ao 12 de Marzo de 2008. As solicitudes de estudantes serán aceptadas entre o 24 e o 31 de Marzo.

Para máis información sobre os requisitos para participar, incluíndo detalles de como presentar a solicitude e como obter a sempre importante camiseta en:

<http://code.google.com/soc/>